




Cando a auga nos falta: a seca



Observa este mapa do mundo que nos indica a distribución de auga doce nos diferentes países.

Canto máis azul está un país, máis auga doce ten. As cores varían até a laranxa para os países con pouca auga doce dispoñible.



Fuente: World Resources 2000-2001, People and Ecosystems: The Fraying Web of Life, World Resources Institute (WRI), Washington DC,





Observando o mapa anterior, clasifica estes países como pobres en auga ou ricos en auga. Axúdate dun mapa que inclúa os nomes dos países.

Brasil / Estados Unidos / Marrocos / Israel / India / Australia

Ricos en auga	Pobres en auga



Observa agora o consumo de auga por persoa das diferentes áreas

Litros por persoa e día	
América do Norte e central	230
Europa	158
África	30
Asia	64

Referencia: <http://www.ambientum.com/revistanueva/2005-09/aguas.htm>

En España, o consumo medio é de 147 litros por persoa e día



Observando o cadro anterior, ordena de menos a máis as zonas do mundo que máis auga gastan.



_____ < < <



Le o seguinte:

- ✓ A auga é un recurso limitado no mundo, menos do 1 % da auga do mundo é auga doce.
- ✓ No pasado século, a poboación mundial triplicouse e a extracción de auga aumentou máis de seis veces. E se continúa a consumir máis e máis auga.
- ✓ A auga necesaria para que viva unha persoa por día é de 15-18 litros. Nos Estados Unidos, o consumo pode chegar aos 400 litros de auga, mentres que na África unha familia vive con 15 litros.
- ✓ Se continuarmos como agora, 2 en cada 3 persoas vivirán con escaseza de auga no ano 2025.

Se continuarmos a consumir tanta auga, observa o que pode pasar no ano 2025. Observa países como Madagascar, China, Estados Unidos ou Marrocos.





Unha vez que teñas observado e lido os cadros anteriores, escribe dentro do cadro o que cres que irá acontecer.

Se nunha	Zona pobre en auga	Zona rica en auga
Os habitantes desta zona consumen moita auga		
Os habitantes de esta zona consumen pouca auga		



Escribe como conclusión por que cres que hai seca e como poderíamos encontrar solucións contra a seca.